

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE TUOPERADORES RECEPTIVOS DE GALICIA (ATREGA) PARA A CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS TURÍSTICOS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa **Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (ATREGA)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e ATREGA para a creación de produtos turísticos con motivo do Xacobeo 2021 e a súa promoción e divulgación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (ATREGA), da que forman parte Celtravel, Circuitos Galicia, CNTravel, Interriás, Luamar, Siente Galicia, TeeTravel e YuTravel, representa máis do 95 % do volume da turoperación receptiva de Galicia, con case 250 millóns de facturación e unha presenza no mercado nacional na



totalidade de axencias da Península (8.000 axencias en España e case 1.000 de Portugal), representando e fornecendo a axencias online e tamén aos principais turoperadores internacionais que operan para Galicia.

Converten a Galicia no líder en turoperación do norte peninsular, e queda situada en sexta posición nacional tras Baleares, Canarias, Andalucía, Madrid e Cataluña.

Terceiro.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Con respecto á creación de novos produtos turísticos, inclúese o acordo de colaboración para a promoción de destino e o impulso de novos produtos turísticos con motivo do Xacobeo 2021.

Cuarto.- Que no citado contexto, o obxecto do presente convenio pretende reforzar a promoción de Galicia asociada ao Xacobeo 2021, así como a creación de novos produtos que reactiven a actividade turística, a través da **creación de produtos turísticos e a súa promoción**



e divulgación. Cada produto levará logo X21 e será visibilizado, promocionado e vendido a través das canles comerciais de cada turoperador no mercado nacional e internacional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

